

viva la pepa!

# FLUXUS

## ACCIONES E XOGOS

Baixo o nome de Fluxus, traballaban un grupo de artistas na época dos sesenta e setenta. Buscaban a fusión de todas as artes: a música, a poesía, o cine, a pintura... Querían que a arte fluíse coa vida, non querían que a arte fose un cuadro na parede dun museo que non podemos nin tocar. As obras debían estar nas revistas, nos concertos, nos xogos do noso día a día. Así nos deixan ver o divertido e o absurdo que hai agochado na arte. Todo pode converterse nun mundo do revés, onde xs maiores xogan como xs pequenxs e os concertos son en silencio.



### UN PUZZLE EN MOVIMENTO

Actividades para minipementiñxs

- **MATERIAIS:** Cartulinas e pinturas (acrílicas ou pintura de dedos)

Hoxe imos introducirnos no mundo do revés. É un mundo como este pero hai cousas que non están como adoitan estar neste mundo. Para viaxar alí precisamos poñernos a camiseta do revés. Si, si...que se vexan as costuras e a etiqueta por diante.

**1.** Comezamos! Normalmente o que facemos con un puzzle é construílo para finalmente ter unha imaxe. Pero aquí imos facer o noso propio puzzle.

### POEMARIO

Actividades indicadas para pementiñxs

- **MATERIAIS:** Revistas ou periódicos vellos, tesoiras, pegamento e folio

**1.** Colle un periódico ou revista e recorta palabras, as que máis che gusten, as máis divertidas.

**2.** Vainas metendo nunha saca. Agora sen mirar (ou cunha man cómplice) saca algún dos recortes.

**3.** Coas palabras que sacache debes facer un poema.

O azar pode ser unha parte clave nas obras de arte.

Tamén podemos leer unha columna do periódico e tentar tachar palabras para construír unha nova noticia. Podemos facer un novo periódico tachando palabras dos titulares para que teñen un novo sentido.

### ACCIONS GRUPAIS

Actividade para facer en familia

- **MATERIAIS :** Obxectos que teñamos pola casa.



**1.** Propoñémoste xogar coa túa familia a través duns retos. As actividades ou accións tedes que facelas xuntxs, cantxs máis mellor!

**2.** Primeiro imos pensar en accións cotiás que normalmente faríamos nós sóxs, pero neste caso témolas que facer xuntxs.

## (re)CONSTRUÍR

**2.** O primeiro que temos que facer é coller unhas cartolinas (dous como mínimo) e imos facer varios debuxos con cores. Imos experimentar con pinceladas, salpicaduras, manchas. Cubrindo ben o papel, non pintamos nada recoñecible. Podes poñer música e seguir os ritmos.

**3.** Canto rematemos e esten secas, recortamos as cartolinas en cadrados iguais. Podemos dobralos en varias partes e cortar cos dedos ou podemos pedir axuda para recortalos seguindo unha cuadrícula. De seis cadradiños ou máis (se queremos que a cousa se complique).

**4.** Agora que temos os cadradiños podemos descolocalos e volver a formar os debuxos que fixemos como se fosen pezas de puzzles.

**5.** Despois mesturamos as pezas dun debuxo cos outros, e creamos unha morea de puzzles coas composicións que queiramos, combinando as pezas de uns e de outros facendo novas composicións.

**6.** Agora podes intentar que xs demais reconstrúan os teus puzzles ou que creen os seus propios combinándoos.

- **MATERIAIS:** *Folios, lápiz de cores e xogos de construción tipo Lego.*

**1.** Os xogos tipo Lego moitas veces traen instrucións para pouco a pouco ir construíndo con bloques algunha figura ou modelo.

**2.** Como estamos no mundo do revés imos a facelo ao revés! Collemos as pezas e creamos unha figura sen seguir as instrucións. Revolución! Podedes facer un monstro, un edificio ou unha escultura divertida.

**3.** Agora pensa que se queremos que a xente poda construír despois esta figura precisa dunhas novas instrucións de montaxe. Collemos folios e os grapamos facendo un libriño. En cada páxina imos facer un paso para poder construír a nosa figura. Lembra facelo en orde indicando con números.

Pensa nun xogo de mesa ao que darlle a volta! Inventa unhas novas regras.

**3.** Tentade facer isto xuntxs ao mesmo tempo, coordinando os vosos movementos:

- lavar os dentes a alguén cun só cepillo,
- varrer o chan cunha soa vasoira e un só recolledor,
- pintar os beizos a alguén cun só lapis labial,
- atar os cordóns dun zapato,
- facer un debuxo cun só lapis.

Tamén podedes tentar:

- metervos todxs xuntxs nunha caixa de cartón pequena sen que rompa;
- envolvervos en fíos ou lá,
- enredadovos unxs con outrxs, e logo intentar desenredarvos;
- unx de vós envolvase en papel de bubulla e o resto tenta explotar as burbullas sen empregar as máns.

## 24 HORAS

Durante o transcurso do día se algún membro da familia berra “Fluxus”, a persoa a que llo diga debe comezar a facer o que estivese facendo ao revés. Por exemplo se alguén grita “Fluxus” é ti estabas peiteándote o cabelo, terías que despeitearte.